

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O presente Regulamento vén dar cumprimento ao disposto no artigo 13 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña (DOG do 26 de maio).

A regulación do réxime de funcionamento e organización da **Facultade de Ciencias da Saúde** fica enmarcada na normativa aplicable á Universidade da Coruña, en concreto na Ley Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades y Decreto 101/2004, de 13 de maio, polo que se aproban os Estatutos da Universidade da Coruña, así como pola Ley 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Ley 4/1999, de modificación da anterior, no relativo ao Capítulo II. Órganos Colexiados, do Título II, Dos órganos das Administracións Públicas, naqueles aspectos que se recollen na presente normativa, nos que son de obrigado cumprimento o que con carácter subsidiario sexan de aplicación.

TÍTULO PRELIMINAR. DO ÁMBITO E DO RÉXIME XURÍDICO DE APLICACIÓN

Artigo 1. Obxecto do Regulamento

O presente Regulamento establece e regula o funcionamento e organización da Facultade de Ciencias da Saúde (FCS) da Universidade da Coruña (UDC) que ten a súa sé no edificio universitario de Oza (Campus de Oza). Ten como signo representativo o logotipo oficial da UDC.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

O presente Regulamento será de aplicación á Facultade de Ciencias da Saúde da Universidade da Coruña e consecuentemente será de obrigado cumprimento para todos os seus compoñentes en canto membros da mesma.

Artigo 3. Réxime xurídico

1. A Facultade de Ciencias da Saúde rexerese pola Lei Orgánica de Universidades, polas normas que emanen dos correspondientes órganos do Estado e das Comunidades Autónomas no exercizo das súas respectivas competencias, polos Estatutos da Universidade da Coruña e as súas normas de desenvolvemento e finalmente polo presente Regulamento de Réxime Interno.

2. En defecto do establecido no presente Regulamento aplicarase a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

3. Contra as resolucións e acordos dos órganos do centro cabe interpor recurso de alzada no prazo dun mes, que se formulará perante o reitor no caso de resolucións dictada por un órgano unipersonal, ou ante o Consello de Goberno, no caso de acordos emanados da Xunta de Facultade. A resolución destes recursos esgotará a vía administrativa e será impugnabile perante a xurisdicción contencioso administrativa de conformidade coa lei reguladora desta xurisdicción.

TÍTULO I. NATUREZA, FINS E FUNCIONES

Artigo 4. Natureza

A Facultade de Ciencias da Saúde é o Centro encargado da organización do ensino e dos procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de título conducente á obtención da Diplomatura de Terapia Ocupacional (TO) e cantas outras titulaciones de carácter oficial e validez en todo o territorio español relacionadas coas Ciencias da Saúde se implanten na FCS no futuro por decisión do máximo órgano responsable da UDC e sexan asignadas a este centro, ademais doutras actividades de formación relativas ás titulacions de Ciencias da Saúde e organizadas polo Departamento de Medicina.

Artigo 5. Funcións¹

Son funcións das facultades ou escolas:

- a. Elaborar a proposta dos plans de estudo das ensinanzas que se impartan nelas.
- b. Organizar e supervisar as actividades docentes e a xestión dos servizos da súa competencia.
- c. Custodiar as actas de cualificación e os expedientes dos estudantes que cursasen ou cursen estudos neles, sen prexuízo do mantemento, por parte da universidade, de arquivos centralizados.
- d. Expedir as certificacións solicitadas polos estudantes do centro.
- e. Administrar a asignación orzamentaria do centro e controlar os seus propios servizos e equipamentos.
- f. Promover actividades culturais e de extensión universitaria.
- g. Participar nos procesos de avaliación da calidade.
- h. Calquer outra que lles atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio².

TÍTULO II. DA ORGANIZACIÓN DA FACULTADE

CAPÍTULO I. DA ESTRUCTURA DA FACULTADE

Artigo 6. Persoal adscrito á Facultade de Ciencias da Saúde

Son membros da Facultade de Ciencias da Saúde o persoal docente e investigador (PDI) e de administración e servizos (PAS) adscritos á mesma, así como os estudantes matriculados nalgunha das titulacións oficiais impartidas polo Centro.

O persoal PDI e PAS debe notificar as súas ausencias por baixa laboral, ou en calquera outra situación, coa debida antelación ante o/a Secretario/a de a FCS ou, no seu caso, membro do equipo dirección responsable. Así mesmo, débese cumprir a normativa vigente da UDC en todas as súas disposicións, tal como entregar ao responsable PAS da FCS os partes de baixa nas datas establecidas. Ademais, aquela

¹ Redacción practicamente idéntica á do artigo 11.2 dos Estatutos UdC.

² Informar ao Consello de Goberno, xunto cos departamentos correspondentes, para a posible aprobación por parte deste, de plans de estudo conxuntos con outras Universidades, nacionais ou estranxeiras (artigo 50.2, dos Estatutos da UdC); celebrar contratos e convenios nos termos da lexislación vixente (segundo o artigo 58.2 dos Estatutos UdC)

ausencia do PDI que afecte ao desenvolvemento das Estancias Prácticas deberá ser comunicada canto antes ao/a Coordinador/a de Prácticas pertinente.

O persoal PAS adscrito ao centro (administración, conserxaría e biblioteca) rexerá na realización das súas funcións específicas polo réxime previsto nos Estatutos e nas normativas sobre competencias específicas para cada profesional PAS que se establezan polo máximo órgano de representatividade da UDC. Terán os dereitos e deberes inherentes ao seu adscrición.

Os estudantes teñen o dereito e o deber de asistir ás clases, tal e como se establece nas normativas oficiais e nos Estatutos da UDC. Así mesmo, a asistencia ás Prácticas, en calquera dos cursos, é de obrigado cumprimento.

Artigo 7. Adscrición do profesorado

1. Os profesores que se incorporen á Universidade quedarán adscritos ao Centro que lles asigne o Departamento, atendendo á convocatoria da praza.

2. O cambio de adscrición a Centros será efectuado polo Reitor a petición do interesado e requererá a permanencia mínima dun curso académico no Centro anterior e o informe motivado do Departamento e dos Centros afectados.

3. En caso de que se solicite o cambio de adscrición a outro Centro por profesores desta Facultade, a Xunta de Facultade elaborará o informe preceptivo proponendo a autorización da adscrición ou, no seu caso, denegando a solicitude de forma motivada.

4. No suposto de que se solicite por un profesor a adscrición a esta Facultade se procederá do mesma xeito descrito no apartado anterior.

CAPÍTULO II. DO GOBERNO DA FACULTADE

Artigo 8. Órganos de goberno da Facultade

Para o goberno, representación e administración da Facultade de Ciencias da Saúde, establécense os seguintes órganos:

a) Colexiados:

- Xunta de Facultade
- Comisión Permanente da Xunta da Facultade³
- Comisión de garantía da Calidade⁴

b) Unipersoais:

- Decano/a de Facultade
- Vicedecano/a de Facultade
- Secretario/a Académico/a da Facultade

SECCIÓN PRIMEIRA. DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

Artigo 9. Composición da Xunta de Facultade⁵

1. A Xunta de Facultade estará constituída por:

- a. O/A Decano/a, que a convocará e presidirá.
- b. Os/As Vicedecanos/as e o/a Secretario/a Académico/a, que o será tamén da Xunta.
- c. Un 70% de profesores do Centro. Todos os profesores funcionarios do centro pertencerán á Xunta de Centro e representarán, polo menos, un 51% do número total de membros desta. Sempre que sexa posible, o 19% serán profesores non funcionarios.
- d. Un 25% de estudantes do Centro.
- e. Un 5% de persoal de administración e servizos.

2. Quen imparta docencia en máis dun centro só poderá ser membro da xunta de centro na que desenvolva maioritariamente a súa docencia.

3. Os representantes na Xunta de Centro serán elixidos para un período de dous anos.

4. Poderá crearse, nos termos do artigo 16 deste Regulamento, unha Comisión Permanente no seo da Xunta de Centro.

Artigo 10. Competencias da Xunta de Facultade⁶

Como órgano colexiado de goberno do centro, á Xunta de Facultade correspóndelle:

³ Figura non contemplada no artigo 22.a dos Estatutos da UdC.

⁴ Comisións de traballo que se acorde crear n seo da Xunta do Centro, para axilizar o traballo, ao abeiro do artigo 17 deste Regulamento. Non aparecen contemplados estes órganos no artigo 22.a dos Estatutos da UdC.

⁵ Contido idéntico ao do artigo 31 dos Estatutos da UdC, agás o contido dos apartados 4.1. e 4.2., de nova redacción.

⁶ Redacción practicamente idéntica á do artigo 30 dos Estatutos UdC.

1. Elixir o decano ou director e, se é o caso, revogalo.
2. Supervisar a xestión dos diferentes órganos de goberno e administración do centro.
3. Informar sobre a implantación de novas titulacións e estudos.
4. Elaborar e aprobar as propostas de planos de estudos das titulacións que se impartan no centro.
5. Formular anualmente, antes do comezo do curso académico, o plan docente do centro coordinadamente cos departamentos adscritos ao centro.
6. Organizar, supervisar e informar sobre as actividades docentes para a obtención dos títulos académicos do seu ámbito de competencia, e coordinar e supervisar o desenvolvemento dos contidos mínimos das materias impartidas neles polos departamentos, de acordo cos planos de estudo e cos obxectivos establecidos para cada titulación
7. Programar os servizos e equipamentos do centro e máis supervisar a súa xestión.
8. Acordar a distribución dos créditos concedidos ao centro e controlar a súa aplicación.
9. Elaborar o regulamento de réxime interno do centro.
10. Organizar actividades de formación permanente e de extensión universitaria.
11. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio⁷.

Artigo 11. Funcionamento da Xunta de Facultade

1. A Xunta de Facultade reunirse en sesión ordinaria cantas veces sexa necesario e, ao menos, dúas veces ao ano, e, en sesión extraordinaria, sempre que o/a Decano/a a convoque por propia iniciativa ou a solicitude de unha cuarta parte dos seus membros, en cuxo caso se realizará nos trinta días seguintes ao de recepción da solicitude.

2. A orde do día das sesións será fixada polo/a Decano/a tendo en conta, no seu caso, que calquera dos membros da Xunta de Facultade poderá solicitar a inclusión dun punto na orde do día. En tal caso, dito punto incluírase na primeira sesión que se convoque, sempre que se solicitara coa suficiente antelación.

3. A convocatoria será efectuada polo/a Secretario/a Académico/a da Facultade por orde do/a Decano/a ou de quen legalmente o substitúa.

⁷ Propor , para asúa aprobación, ao Consello de Goberno este Regulamento de Réxime Interno, en virtude do artigo 13 dos Estatutos da UdC.

Dita convocatoria incluíra la data, hora e lugar de celebración da sesión, así como a orde do día da mesma. As citacións da convocatoria cursaranse polo Secretario/a Académico/a, coa antelación suficiente para que todos os membros a reciban con unha semana de antelación da celebración da sesión, incluíndo unha orde do día explícita, sen referencias xenéricas.

As citacións levaranse a cabo mediante notificación persoal por carta e notificación en soporte informático coas garantías da súa recepción.

4. Cando a natureza dos asuntos a tratar así o requira, a xuízo do/a Decano/a, poderase convocar ás sesións do Pleno ou, no seu caso, ás dalgunha Comisión ás persoas que se estime necesario, con voz pero sen voto.

5. As sesións extraordinarias da Xunta de Facultade están sometidas aos mesmos requisitos que as ordinarias, coa excepción de que a súa convocatoria pode facerse con só corenta e oito horas de antelación e para o tratamento de puntos de inaprazable consideración. Non se incluírán na Orde do día os puntos relativos á aprobación de actas, informes o rogos e preguntas.

Artigo 12. Constitución

Para a válida constitución da Xunta de Facultade, a efectos da celebración das sesións, deliberacións e toma de acordos, requíerense a presenza do/a Presidente/a e Secretario/a ou no seu caso, de quen os substitúa, e da metade, ao menos, dos seus membros.

De non se alcanzar dito quorum, e a menos que na notificación se convocara a sesión en única convocatoria, la Xunta de Facultade poderá constituírse en segunda convocatoria coa presenza da terceira parte dos seus membros, e en todo caso, a do/a Presidente/a e Secretario/a ou, no seu caso, de quen os substitúa.

Artigo 13. Asistencia e desenvolvemento das sesións

1. A asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Universidade é un dereito e un deber dos membros que os integran⁸.

2. A condición de membro dun órgano colexiado é persoal e non delegable.

⁸ Artigo 23.1 dos Estatutos UdC.

3. Toda ausencia poderá xustificarse por escrito con anterioridade á sesión en que se produza perante o/a Secretario/a da Facultade.

4. Ás sesións só poderán asistir os seus respectivos membros, agás no caso recollido no artigo 11, apartado 4.

5. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estexan presentes todos os membros do órgano Colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorable da maioría.

6. Corresponde ao Presidente da Xunta de Facultade:

- a. Ostentar a representación do órgano.
- b. Ordenar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fijación da orde do día, tendo en consideración, no seu caso, as peticións dos demais membros formuladas coa suficiente antelación. Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates e suspendelos por causas xustificadas.
- c. Dirimir co seu voto os empates, a efectos de adoptar acordo.
- d. Asegurar o cumprimento das leis.
- e. Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- f. Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de Presidente do órgano.

7. Corresponde aos membros da Xunta de Facultade:

- a) Recibir, cunha antelación mínima de unha semana de antelación antes a convocatoria de sesión ordinaria e da sesión extraordinaria, contendo a orde do día das reunións e aqueles documentos de interese anexos para análise por parte dos membros.
- b) Participar nos debates das sesións.
- c) Exercer o seu dereito ao voto e formular o seu voto particular, así como expresar o sentido do seu voto e os motivos que o xustifican, no seu caso.
- d) Formular ruegos e preguntas.
- e) Obter a información precisa para cumprir as funcións asignadas.
- f) Cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición.

Artigo 14. Votacións e adopción de acordos

1. As votacións poderán realizarse por asentimiento a proposta do/a Decano/a da Facultade, a man alzada, pública por chamamento, ou secreta. O/A Decano/a da Facultade decidirá a utilización dunha ou doutra modalidade. Porén, a votación secreta poderá ser utilizada cando o acordo que deba adoptarse teña carácter persoal. Consideranse adoptados os acordos por asentimiento cando as propostas sometidas á Xunta non susciten oposición de ningún membro do mesmo e que non se requirira outra forma de votación por ningún membro.
2. A Xunta adoptará os seus acordos por maioría de votos afirmativos fronte aos negativos, sen ter en conta as abstenciones, agás en aqueles supostos en que se exixa, legal ou regulamentarmente, maioría absoluta ou cualificada.
3. En caso de empate nos resultados dunha votación, o Presidente decidirá, co seu voto de calidade.
4. Non poderán someterse a votación aquelas cuestións que non estexan prantexadas en cada punto da orde do día e en relación directa coas mesmas. Tampouco non poderán tomarse acordos dentro dos apartados da orde do día correspondientes a "Informes" e "Rogos e Preguntas".
5. Iniciada unha votación, esta non poderá interromperse.

Artigo 15. Actas

1. De cada sesión que celebre a Xunta de Facultade levantarase acta polo Secretario/a, que especificará necesariamente a relación de asistentes e ausentes que aportaran xustificación, a orde do día da reunión, as circunstancias do lugar e tempo en que se celebrou, os puntos principais das deliberacións, así como o contido dos acordos e o xeito en que estes se adoptaron.
2. Na acta figurará, a solicitude dos respectivos membros da Xunta de Facultade, o voto contrario ao acordo adoptado, a súa abstención e os motivos que a xustifiquen ou o sentido do seu voto favorable.

Asimesmo, calquier membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que aporte no acto ou no prazo que sinala o Presidente, o texto que se corresponda fielmente coa

súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.

3. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de corenta e oito horas, que se incorporará ao texto aprobado.

4. Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, poda derivarse dos acordos.

5. As actas aprobaranse na mesma ou na seguinte sesión, pudiendo non obstante emitir o/a Secretario/a certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta. Con todo, nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación do acta farase constar expresamente tal circunstancia.

6. O acta aprobada de cada unha das Xuntas de Facultade quedará baixo custodia do Secretario/a Académico/a. Este documento, unha vez aprobado pola Xunta de Facultade, deberá ser publicado con carácter permanente na páxina web oficial da FCS, nun prazo nunca máis aló de sete días unha vez aprobada o acta final. Todo iso a efectos de facilitar as políticas de transparencia.

Artigo 16. Comisión Permanente de Xunta de Facultade⁹

1. Poderá crearse unha Comisión Permanente os acordos que adopte a Comisión Permanente requererán a súa posterior ratificación pola Xunta de Escola/Facultade. As competencias da comisión permanente son:

- I. Organizar e desenvolver os ensinos e os procesos académicos, administrativos e de xestión conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional que imparte.
- II. Organizar e establecer os obxectivos xerais, transversales e específicos, así como os perfís de ingreso, de formación e de egreso de cada unha das titulacións que imparte.
- III. Aprobar o POD de cada unha das titulacións. Igualmente, aprobar os proxectos/propostas docentes remitidos por cada departamento.

⁹ Apartado de nova redacción. Esta figura non aparece contemplada no artigo 22.a dos Estatutos da UdC.

- IV. Aprobar o programa de actividades encamiñadas a lograr unha formación integral dos estudantes
- V. Organizar a elaboración e aprobación dos programas que desenvolvan especialidades de Posgrao que sexan da súa competencia.
- VI. Aprobar e facer pública a memoria das actividades da FCS.
- VII. Cooperar para o fomento da movilidad de estudantes.
- VIII. Fomentar as necesidades do centro no que se refire a espazo físico e medios materiais. Propoñer as necesidades do centro no que se refire ao persoal do PAS.
- IX. Defender os intereses do PDI, PAS e Estudantes adscritos ao centro e velar polos dereitos e deberes dos mesmos.
- X. Propoñer ao Reitor a suscripción de convenios e contratos de colaboración con entidades públicas e privadas ou con persoas físicas.
- XI. Calquera outra que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña.

2. Na composición da Comisión Permanente manterase a proporcionalidade existente na Xunta de Facultade respectando as porcentaxes de representación asignadas a cada un dos diferentes colectivos. A composición da Comisión Permanente será a seguinte:

- Decano/a
- Vicedecano/a (s)
- Director/a do Departamento integrado na Facultade de Ciencias da Saúde
- Secretario/a Académica
- Representación do alumnado (nun número de 2).
- PAS

3. As competencias da Comisión Permanente da Facultade de Ciencias da Saúde son as que aparecen no punto 2 de este artigo.

4. No seu funcionamento rexeráse polas normas recollidas nos artigos 11 a 15 do presente Regulamento, de aplicación para o funcionamento das Xuntas de Escola e Facultade. A periodicidade das súas sesións queda fixada en un mínimo dunha por curso e cando sexa necesario.

5. Para a súa renovación seguiranse os mesmos criterios que establece o artigo 9.3 do presente Regulamento e polo disposto para as Xuntas de Escola/Facultade no Regulamento de Réxime Eleitoral ou, no seu caso, polos acordos da Xunta Electoral. En canto ao xeito de proceder no

caso de modificación do número de membros da comisión, procederase do mesmo modo especificado no punto anterior.

Artigo 17. Comisións da Xunta de Facultade¹⁰

1. A Xunta de Facultade, a efectos do seu mellor funcionamento ou actuación, poderá constituir Comisións con carácter de apoio ou asesoramento e que non terán capacidade decisoria, debendo elevarse todas as propostas que se adopten á Xunta de Facultade ou ao Decano/a, no seu caso, que decidirán en última instancia.

2. As Comisións estarán compostas polos membros da Xunta de Facultade designados pola mesma. Terán unha composición ad hoc. Poden formar parte da comisión persoas integradas na FCS, e pertenciente a Xunta de Facultade. Pódense invitar asesores con voz e sen voto. A súa renovación levarase a cabo seguindo os criterios que establece a Xunta de Facultade.

3. As funcións que correspondan a cada Comisión asignaranse pola Xunta de Facultade.

4. Para o seu funcionamento e adopción de acordos rexeranse polas normas establecidas para a Xunta de Facultade no presente Regulamento.

5. As comisións actuarán baixo a presidencia do Decano, ou persoa en quen delegue.

6. A FCS conta cunha Comisión de Coordinación de Docencia e Planos de Estudo integrada polo equipo directivo; polo menos, un profesor de cada área de coñecemento implicada na titulación e unha representación de estudantes.

7. Establecese unha Comisión de Seguimiento e Garantía da Calidade da Titulación, está integrada pola Comisión de Seguimiento e a Comisión de Calidade, sendo a iniciativa da súa creación e a súa composición e competencias os criterios organizativos e de funcionamento o programa de Calidade da UDC. A Comisión de Seguimiento e Garantía da Calidade da Titulación ten por estrutura a que se menciona en ANEXO 1.

8. Na FCS constituirase anualmente unha Comisión de validacións, formada entre outros polos profesores responsables das asignaturas a

¹⁰ Estes órganos non aparecen contemplados no artigo 22.a dos Estatutos da UdC.

validar. Esta comisión, de acordo coa normativa de validacións e adaptacións, nuns casos ten competencia para resolver (validacións de estudos cursados en centros españois) e, noutros formulará unha proposta á Comisións de Planos de Estudo do Consello de Goberno.

Cada profesor deberá acudir en presenza física ao edificio que ubique a administración do centro para realizar o informe preceptivo persoal coa suficiente antelación a efectos de facilitar o proceso.

A Comisión de Validacións estará formada por:

- Decano/a de a FCS ou Profesor en quen este delegue, que actuará como Presidente.
- O Secretario/a Académico/a de a FCS que o será tamén da comisión.
- Aqueles profesores implicados nas asignaturas a adaptar/convalidar en cada convocatoria.

Os expedientes de validación iniciaránse a instancia do interesado que pretenda convalidar estudos dos impartidos nas titulacións do centro, e se tramitarán a través do Auxiliar administrativo baixo a supervisión directa da Secretaría Académica.

Resolveranse de acordo á normativa vixente en cada momento. En todo caso, aos interesados esixiráselles o programa oficial sellado e asinado das asignaturas que pretenda validar.

9. A FCS conta cunha Comisión de Biblioteca cuxa composición e funcións están reguladas polo Regulamento da Biblioteca Universitaria da UDC.

SECCIÓN SEGUNDA. DOS ÓRGANOS UNIPERSOAIS

Artigo 18. Do/da Decano/a de Facultade

1. O/A Decano/a de Facultade ostenta la representación do seu Centro e exerce as funcións de dirección e xestión ordinaria do mesmo.

2. O/A Decano/a de Facultade será nomeado polo Reitor por un período de catro anos, previa elección pola Xunta de Facultade, entre profesores doutores pertencentes aos corpos docentes universitarios adscritos ao respectivo Centro¹¹. Poderá ser reelixido.

¹¹ A este respecto, cumpre ter en conta o art. 34.2 do Regulamento de Réxime Eleitoral Xeral aprobado polo Consello de Goberno desta Universidade o 20 de outubro de 2004, de aplicación á elección de Directores de Escola. Idem, o art. 41.2 dos vixentes Estatutos da UdC., no mesmo sentido.

3. O/A Decano/a de Facultade será elixido por maioría dos votos validamente emitidos na Xunta de Centro. A súa revogación producirase en virtude de acordo adoptado por maioría absoluta da Xunta de Centro, a petición dun tercio dos seus membros, con proposta de candidato alternativo. En caso de que non prosperase a moción, os membros asinantes da mesma non poderán tomar novamente a iniciativa de revogación do/de la Decano/a durante o mesmo mandato.

4. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade o Decano/a será substituído polo Vicedecano/a, expresamente designado polo Decano/a.

Artigo 19. Funcións do Decano/a de Facultade¹²

Corresponde ao Director/Decano:

- a) Representar o centro.
- b) Presidir as reunións da xunta de centro e de calquera outro órgano colexiado delas e máis executar os seus acordos.
- c) Velar polo cumprimento da legalidade en todas as actuacións do centro, polo bo funcionamento dos servizos e polo mentemento da disciplin académica.
- d) Dirixir e supervisar as actividades do centro, especialmente a organización das actividades docentes.
- e) Proporlle ao Reitor o nomeamento e cesamento do/de la Vicedecano/a ou Vicedecanos/as e Secretario/a do centro e demais cargos de goberno unipersonales do centro.
- f) Controlar o cumprimento das funcións do persoal de administración e servizos adscritos ao centro.
- g) Proponer ao Rector, previo acordo da Xunta de Facultade, a creación de servizos adecuados para o mellor funcionamento do centro.
- h) Elevar a memoria anual das actividades á Xunta de Facultade para a súa ratificación e posterior remisión ao Consello de Goberno da Universidade.
- i) Autorizar gastos e pagos segundo o establecido nos Estatutos da UDC.
- j) Supervisar o cumprimento dos compromisos docentes dos departamentos coa FCS.
- k) Supervisar o cumprimento das tarefas asignadas ao PAS en coordinación co administrador.
- l) Elevar aos órganos de goberno da UDC os acordos tomados polos seus órganos colegiados, así como os recursos, peticións ou outros escritos dos seus membros.

¹² Redacción practicamente idéntica á do artigo 42 dos Estatutos UdC.

m) Exercer as restantes funcións derivadas do seu cargo, así como aquelas que lle atribúan as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto 101/2004, de 13 de maio.¹³

Artigo 20. Vicedecano/a de Facultade

1. Para o mellor desenvolvemento das súas funcións, o Decano/a contará co auxilio dos Vicedecanos/as, nas áreas de actividade ás que responda a súa denominación, que actuarán baixo a súa dirección e dependencia, sendo nomeados polo Reitor a proposta do/de la Decano/a, de entre os membros da comunidade universitaria do Centro¹⁴.
2. Cesarán por decisión do Reitor a proposta do/de la Decano/a, a petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/de la Decano/a. Nos dous últimos casos, continuarán en funcións ata a toma de posesión dos seus sucesores.

Artigo 21. Funcións do Vicedecano/a

1. Corresponderalles dirixir e coordinar, baixo a autoridade do/de la Decano/a, a área de competencia que este lles asigne. No caso de existir varios, o/a Decano/a designará quen o deberá substituir no caso de ausencia ou enfermidade.

Artigo 22. Secretario/a Académico/a de Facultade

1. O/A Secretario/a Académico/a do Centro é o feartario dos actos e acordos dos órganos de goberno e administración do centro. Será nomeado polo Reitor, a proposta do/de la Decano/a, entre funcionarios adscritos ao mesmo. Cesará por decisión do Reitor a proposta do/de la Decano/a, a petición propia e, en todo caso, cando conclúa o mandato do/de la Decano/a. Nos dous últimos casos, continuará en funcións ata a toma de posesión do seu sucesor.
2. En caso de vacante, ausencia ou enfermidade, o/a Secretario/a será substituído polo Vicedecano/a que determine o/a Decano/a.

¹³ Presidir a Comisión de Selección do Persoal Docente e Investigador Contratado, en virtude do artigo 83.1 dos Estatutos da UdC, por exemplo.

¹⁴ Seguindo o artigo 43.1 dos Estatutos da UdC.

3. Serán funcións do/da Secretario/a Académico/a, ademáis das legalmente establecidas, as seguintes¹⁵:

- a) A formación e custodia dos libros de actas dos órganos colexiados do centro.
- b) A recepción e custodia das actas de cualificación de exames.
- c) A expedición de certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro, no prazo máis breve posible.
- d) A custodia do selo do centro e do rexistro deste.
- e) A publicidade dos acordos dos órganos colexiados do centro.
- f) A supervisión de toda a actividade burocrática e administrativa do centro relacionada coa actividade académica, xunto ou Administrador/a
- g) Calquera outra función que lle delegue o Decano/a ou que lle encomenden as disposicións legais vixentes e os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio.

TÍTULO III. DO RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 23. Recursos económicos

1. Para a realización da organización das ensinanzas e dos procesos académicos, administrativos e de xestión a Facultade dispón:

- a) Dos bens, equipos e instalacións que, previamente inventariados, a Universidade da Coruña lle destine.
- b) Dos recursos que os Orzamentos da Universidade da Coruña lle asigne.
- c) Calquer outro recurso que puidera serlle atribuído.

2. Corresponde aos órganos de goberno da Facultade velar polo mantemento e renovación dos recursos adscritos á mesma. Da súa conservación directa son responsables todos os membros adscritos á Facultade, e esta será supervisada polo/pola Decano/a.

¹⁵ Funcións contempladas n artigo 44.3 dos Estatutos da UdC, á figura do Secretario do Centro.

Artigo 24. Competencias en materia económica

1. A Xunta de Facultade adoptará anualmente os criterios para a asignación de recursos do Centro que serán destinados ao funcionamento do mesmo e á atención das tarefas que lle son propias.

2. Corresponde á Decanato:

a) Elaborar e presentar anualmente á Xunta de Facultade, para o seu debate e, no seu caso, aprobación, unha estimación dos ingresos e gastos do Centro no seu conxunto co desglosamento máis pormenorizado posible dos capítulos e unidades de gasto previstos para o exercizo económico seguinte.

b) Elaborar e presentar anualmente á Xunta, para o seu debate e, no seu caso, aprobación, unha conta xeral dos ingresos e gastos do Centro no seu conxunto distinguindo capítulos, conceptos e, no que sexa posible, unidades de gasto unha vez rematado cada exercizo económico.

TÍTULO IV. DA REFORMA DO REGULAMENTO

Artigo 25. Iniciativa de reforma do Regulamento

Poderán propor a reforma do presente Regulamento un terzo dos membros da Xunta de Facultade. A proposta de modificación presentarase mediante escrito motivado dirixido ao Decano/a.

Artigo 26. Tramitación de reforma do Regulamento

O texto da proposta de reforma será enviado polo Decano/a aos membros do Consello, que disporá de quince días para presentar emendas.

Transcorrido este prazo convocarase sesión ordinaria da Xunta de Facultade para aprobar ou rexeitar a reforma proposta. Á convocatoria adxuntaranse as emendas presentadas que serán sometidas a debate e votación.

Artigo 27. Aprobación da proposta de modificación do Regulamento

Para a modificación de Regulamento requererase a súa aprobación por maioría absoluta do total dos membros da Xunta e a súa posterior aprobación polo Consello de Goberno da Universidade.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

ÚNICA. Periodo de adaptación da Comisión Permanente e Comisións de traballo

A Comisión Permanente así como o resto de comisións existentes na Facultade á entrada en vigor do presente Regulamento extinguiranse no prazo máximo dun mes, debendo conformarse e constituirse a nova Comisión Permanente e demais comisións de conformidade co disposto neste Regulamento en dito prazo.

DISPOSICIÓNS FINAIS

PRIMEIRA. Derrogatoria

Quedan derrogadas todas aquelas disposicións de inferior rango da Universidade da Coruña que contradigan a presente normativa.

SEGUNDA. Entrada en vigor

O presente Regulamento entrará en vigor o mesmo día da súa aprobación polo Consello de Goberno.

Regulamento interno aprobado en Xunta de Facultade de Ciencias da Saúde a 3 de Febreiro de 2006. Este documento foi modificado a instancias de asesoría xurídica da Universidade da Coruña o día 23 de xuño de 2006.

ANEXO 1

FACULTADE DE CIENCIAS DA SAÚDE

FUNCIÓNS DA COMISIÓN PERMANENTE DE XUNTA DE FACULTADE

A Comisión de Seguimento está conformada por seis subcomisións de traballo, cada unha delas cun profesor responsable. A subcomisión resolve, na estrutura de traballo que estime oportuna, sobre as competencias que ten adscritas segundo o modelo establecido de contidos no Plan de Avaliación Institucional (PEI) da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) e posteriores revisións. As seis subcomisións son:

- Criterio I: Programa formativo
- Criterio II: Organización do Ensino
- Criterio III: Recursos Humanos
- Criterio IV: Recursos Materiais
- Criterio V: Proceso Formativo
- Criterio VI: Resultados

A Comisión de Calidade da FCS, elixida con criterios establecidos polo Rectorado da UDC, está establecida para garantir a calidade da actividade formativa e investigadora da FCS.